



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (ACTUAL CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA), E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

I.- ANTECEDENTES.

O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establecía a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación del Territorio (actualmente Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda) denominada, no sucesivo, “a CMAOT”, atribuíu a este departamento e aos seus órganos dependentes competencias e funcións en materia de ambiente e, en particular, o impulso da investigación ambiental e o desenvolvemento tecnolóxico e a súa posta en marcha para o logro da adecuada protección ambiental e o desenvolvemento de estudos e informes en materia de ambiente e competencias e funcións no ámbito do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, en particular sobre os espazos que compoñen a Rede Galega de Espazos Protexidos e a Rede Natural 2000 de Galicia.

Por outra banda, o artigo 1 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, establecía que estas institucións realizarán o servizo público de educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo conferíndolles, entre outras funcións, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura; a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixe a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística; ou a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida, e do desenvolvemento económico.

II.- OBXECTIVOS DO CONVENIO PROPOSTO E RAZÓNS DE OPORTUNIDADE.

O convenio proposto tiña por obxectivo dar cumprimento ás respectivas competencias das entidades convenientes, proporcionando aos alumnos da Universidade a posibilidade





de complementar a súa formación coa realización de prácticas nas dependencias da CMAOT adscritas ao desenvolvemento das funcións citadas anteriormente.

III.- BASES XURÍDICAS.

O Convenio enmarcábase nas relacións de colaboración que lle é dado entaboar entre si ás Administracións públicas para o mellor desenvolvemento das súas respectivas competencias, segundo prevén os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

En cumprimento deste precepto, a proposta de convenio detallaba a identidade, capacidade e representación dos asinantes xunto coas respectivas competencias exercidas polas entidades convenientes, os obxectivos perseguidos coa sinatura do instrumento, as actuacións que cada unha das convenientes se comprometían a desenvolver para o seu logro, o prazo de vixencia do convenio e as causas que darían lugar á súa extinción.

No aspecto financeiro, deixábase constancia de que o desenvolvemento do convenio non daba lugar a gastos que precisasen un financiamento específico con cargo aos presupostos das entidades asinantes.

Como cautela específica para preservar os intereses da Xunta de Galicia, indicábase que a realización das prácticas formativas non xeraba vínculos laborais ou de calquera outra índole entre os/as alumnos/as en prácticas e a Administración autonómica.

Constituíase un órgano mixto de vixilancia e control co fin de resolver as dúbidas que se puideran suscitar na interpretación e cumprimento do convenio.

Por último, indicábase expresamente que o convenio tiña natureza interadministrativa, segundo o disposto no artigo 47.2 a) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, polo que o





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e
Cambio Climático

San Lázaro s/n
15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA



coñecemento dos eventuais litixios que se puidesen suscitar en relación co mesmo recaía na Xurisdición Contencioso – Administrativa.

IV.- COMPENSACIÓN POR GASTOS INCORRIDOS.

Non procedía, dado que, como xa se indicou, o cumprimento do convenio non xeraba gastos obxecto de financiamento específico con cargo aos orzamentos das entidades asinantes.

Para a tramitación do convenio, tívose observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital
A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

María Cruz Ferreira Costa

(Asinado dixitalmente)

